

XLII EDICIÓN DA MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO DE RIBADAVIA
DO 18 AO 26 DE XULLO DE

2 0 2 5

PROGRAMA

XOV
17/07

23.00h - Memoria dun tempo - Teatro do Vilar - Auditorio do Castelo. Apoio ao teatro afeccionado de Ribadavia.

VEN
18/07

20.00h - Inauguración e entrega do Premio de Honra da MIT - Igrexa da Madalena.

23.00h - Grandissima Illusione - Cris Blanco - Auditorio do Castelo.

SÁB
19/07

12.00h - Entrega do Premio da Academia Galega de Teatro - Salón de Plenos do Concello de Ribadavia.

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "Os Passadores" - Patrícia Portela - Club Artístico*.

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "Pan, nubes e chocolate" - A Volátil - Museo Etnolóxico de Ribadavia*.

20.00h - Escambo + Obradoiro "Bailar na infancia" - Mari Paula - San Cristovo. Satélites da MIT.

21.00h - La cultura - Los Torreznos - Igrexa da Madalena.

23.00h - Hospital de campo - Societat Doctor Alonso - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

DOM
20/07

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "El desenterrador" - Societat Doctor Alonso - Club Artístico*.

20.00h - Bipedestrución - Disiden.cia - Auditorio da Casa da Cultura. Conversa post función.

21.00h - Cerrados y dormidos los ojos bailan - Natalia Fernandes & Marta Azparren (Residencias Paraíso) - Igrexa da Madalena.

23.00h - Non pasarán - Ártika Cia - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

LUN
21/07

13.00h - Conversa arredor de "A derradeira leición" - Chévere - Praza de Abastos.

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "Os Passadores" - Patrícia Portela - Club Artístico*.

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "Pan, nubes e chocolate" - A Volátil - Museo Etnolóxico de Ribadavia*.

De 16.00h a 20.00h - Obradoiro de máscara neutra - Mar Navarro - Casa da Cultura*.

20.00h - Castelao, un corazón á intemperie - Fantoques Baj - A Franqueirán. Satélites da MIT.

21.00h - Las Magias (site específico) - Teresa Lorenzo - A Veronza.

23.00h - Sobre o extravío ou a arte de perderse - Furia Sotelo - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

MAR
22/07

De 10.00h a 14.00h e 16.00h a 20.00h - Obradoiro de máscara neutra - Mar Navarro - Casa da Cultura*.

De 16.00h a 19.00h - Obradoiro "Pan, nubes e chocolate" - A Volátil - Museo Etnolóxico de Ribadavia*.

20.00h - Anfibia - La Guajira - Club Artístico. Conversa post función.

21.00h - Sen patrón - Pistacatro - Francelos. Satélites da MIT.

23.00h - OVVIO - Kolektiv Lapso Cirk - Auditorio do Castelo.

MÉR
23/07

De 10.00h a 14.00h - Obradoiro de máscara neutra - Mar Navarro - Casa da Cultura*.

20.00h - Os Passadores - Patrícia Portela - Sampaio. Satélites da MIT.

21.00h - Pan, nubes e chocolate - Colectivo A Volátil - Museo Etnolóxico de Ribadavia. Conversa post función.

23.00h - Reconversión - Ibuprofeno Teatro - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

XOV
24/07

De 10.00h a 14.00h e 16.00h a 20.00h - Taller de clown - Roi Borrallas - Colexio Alameda*.

19.00h - 20 anos do Premio Abrente - Igrexa da Madalena.

21.00h - HIT (out) - Parini Secondo - Santo André. Satélites da MIT.

23.00h - Crátera - Circolando - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

VEN
25/07

De 10.00h a 14.00h e 16.00h a 20.00h - Taller de clown - Roi Borrallas - Colexio Alameda*.

20.00h - Profetas - Ítaca Teatro - Auditorio da Casa da Cultura. Conversa post función.

21.30h - HIT (out) - Parini Secondo - Alameda de Ribadavia.

23.00h - Tierras raras - Luz Arcas / La Phármaco - Auditorio do Castelo.

00.30h- Foros MIT. Coloquio coa compañía. Patio de Turismo.

SÁB
26/07

20.00h - Spooky - María Jurado - Auditorio da Casa da Cultura. Conversa post función.

23.00h - Bach - Mal Pelo - Auditorio do Castelo.

Venda de entradas

Venda de entradas.

Na oficina da MIT ou a través de www.ataquilla.com.
Tel. 988 47 20 56.

- Horario de billeteira: de 10:00h a 14:00h e de 18:00h a 20:30h.

- Venda inmediata diaria na billeteira: a partir das 21:00h.

Información, venda de merchandising e sede da MIT.

Rúa García Penedo, 3 (na entrada da Praza Maior).

Tel. 988 47 20 56

info@mitribadavia.gal

www.mitribadavia.gal



Prezos

Espectáculos con entradas no Castelo, na Igrexa da Madalena e na Casa da Cultura.

- Xeral 7,00 €

- Reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 5,00 €.

Espectáculos con prezo especial

(espectáculos inaugural e de clausura no Castelo):

- Xeral 10,00 €

- Reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 8,00 €.

Entradas non numeradas do Castelo (bloques 4 e 5): prezo único 5,00 €.

Espectáculos inaugural e de clausura 8,00 €

NOTA: Para as entradas de prezo reducido é preciso presentar a documentación oficial acreditativa.



Espazos



Casa da Cultura



Auditorio "Rubén García" do Castelo



Museo Etnolóxico de Ribadavia



Igrexa da Madalena



Club Artístico



Praza de abastos

Satélites da MIT



Sto. André a 5,9 km (dirección Ourense)



Francelos a 2,0 km (dirección Cortegada)



San Cristovo a 2,0 km (dirección O Carballiño)



Sampaio a 2,8 km (dirección Ourense)



A Veronza (Ribadavia) a 2,0 km



A Franqueirán a 1,6 km





Chegamos á 41ª edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. E facémolo coa mesma ilusión de sempre, mais tamén cunha nova dirección, novas enerxías e, sobre todo, co firme compromiso de que a cultura siga sendo unha das formas máis fondas de resistencia e encontro. Nun tempo marcado pola velocidade, pola hiperconectividade e pola fragmentación das relacións humanas, o teatro ofrécenos unha rara posibilidade: a pausa. Como sinala o filósofo surcoreano Byung-Chul Han, vivimos nunha sociedade da produtividade sen descanso, onde se perde o espazo para a contemplación. O teatro, en cambio, crea un lugar onde o tempo se espalla, onde os corpos se atopan e onde a palabra recupera a súa forza primixenia. É, en si mesmo, un acto de desaceleración e de sentido.

Esta Mostra - que leva máis de catro décadas transformando Ribadavia nun escenario aberto ao mundo - é tamén un espello no que nos miramos e unha xanela por onde nos asomamos a outras realidades. Ao acoller compañías e creadoras de diversos lugares, reafirmamos a nosa identidade como vila viva, plural e dialogante.

A nova dirección trae consigo a valentía de quen sabe que a tradición só se mantén viva cando se transforma. E así, este ano, celebramos non só o teatro que nos chega, senón tamén o que está por vir.

Benvidas e benvidos a Ribadavia. Que a escena vos emocione, vos interrogue e vos faga, coma sempre, sentir máis vivos.

César Fernández
Alcalde de Ribadavia

Inauguramos esta nova etapa na dirección da MIT de Ribadavia coa emoción de quen herda un legado e con toda a responsabilidade de trazar outras rutas posibles. Somos conscientes de todo o camiño percorrido nestas 41 edicións que falan da forza da escena como vía de transformación colectiva, como praza viva onde atoparnos para pensarnos e soñar en común.

Este festival é herdeiro das loitas culturais, das compañías que resistiron, das persoas que apostaron polo risco, pola escena galega, polas novas linguaxes, pola dignidade do oficio teatral. Por iso, hoxe, neste presente tan necesitado de encontros encarnados, sentímonos orgullosas de continuar esa traxectoria con humildade, ilusión e determinación. Un festival de tránsito, memoria e futuro que aposta por unha arte diversa, plural, feminista e inclusiva.

A escena é, para nós, un espello e un laboratorio. Un lugar para recoñecernos

e tamén para experimentar, para errar, para abrir posibilidades. Por iso escollemos como lema desta etapa 'Escenas en tránsito'. Queremos habitar ese tránsito, ese lugar entre lugares, vulnerable, sensible e aberto. Estar en continuo movemento, transitar linguaxes, territorios, corpos e afectos. Porque queremos que a escena nos faga movernos por dentro e por fóra.

Nun mundo atravesado por guerras e inxustizas, queremos reivindicar o lugar central da cultura como aquilo que sostén a nosa vida en común. Convivir coa beleza pode ser, tamén, un xesto de compromiso pola dignidade de todas as vidas, un modo de exercitar o pensamento crítico, a tolerancia e a empatía. Cun foco posto nas creacións que nos falan de mudanzas, esta edición acolle creacións que axudan a pensar o tempo presente, a coñecer e revisitar xenealoxías, e a imaxinar futuros para este mundo compartido, cada día máis complexo e interdependente.





Apostamos pola hibridación de linguaxes entendida tamén como unha resposta crítica e resistente ás lóxicas excluíntes habituais que ordenan a produción cultural. Propostas diversas, maleables, arriscadas, que se filtran polas gretas das pedras dunha vila como Ribadavia que nos gusta pensar como casa, como escenario e laboratorio aberto á creación. Un espazo e un público cómplice non só da exhibición de espectáculos senón tamén de procesos, obradoiros, conversas, encontros e redes que se tecen con vimbios que perduran na pregunta e que resoan máis alá do peche da MIT.

Abrimos un tempo e espazo para propostas que xogan coa forma e o fondo, para falar do íntimo e do público, do político, do invisible e o urxente, para convivir co humor, coa sorpresa e atoparnos en espazos comúns onde recoñecemos e cohabitar na diferenza.

Queremos dar as grazas dun xeito especial ao equipo desta MIT, que nos acolleu con agarimo e respecto e que nos acompaña en todo o traxecto e tamén todas as persoas voluntarias e ás que traballan dun xeito ou doutro para que todo isto poida suceder.

Unha edición 2025 chea de voces diversas, corpos, linguaxes e experiencias compartidas, potenciadas e mediadas por artistas a quen agradecemos que teñan aceptado o noso convite a participar, estar e ser parte da MIT.

Grazas tamén ao público da MIT un público activo que ano tras ano invade as rúas dunha vila chea de pedras porosas á imaxinación. Público que entendemos como interlocutor activo e como parte fundamental do feito creativo. Grazas por formar parte desta nova edición. Grazas por apoiar unha arte viva e grazas por estar aquí nesta celebración compartida.

Desfrutemos da viaxe!

Benvidas e benvidos á 41 edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia!

**Sabela Mendoza
Fernández e Gena
Baamonde**

**Dirección artística da
MIT**

PRO GRA MA CIÓN



**XLI EDICIÓN DA MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO DE RIBADAVIA**

2 0 2 5



pre-MIT

MEMORIA DUN TEMPO

teatro do vilar / ribadavia

PRE-MIT. Apoio ao teatro afeccionado de Ribadavia.

Texto: Memoria dun tempo. Adaptación de "Memoria de un bolero" de Rafael Campos. **Dirección:** Mikel Aristegui. **Reperto:** Juan Carlos Fernández, Esther Pumar, Marcos González, Rafael Carrera, María García, Bea Cendón, Pablo Pérez, Silvia Estévez, Nerea Sousa, Isabel Alonso. **Luces e son:** Diego Febrero. **Vestuario:** Merchi Rodríguez.

SINOPSE

Nos finais de 1958 un grupo de artistas agardan nun vello teatro a examinarse diante dun tribunal do Sindicato Nacional de Espectáculos e conseguir o carné que lles permita traballar baixo a ollada vixiante do réxime. Mentres agardan entre traxes de volantes e melodías de coplas, vanse entretecendo historias persoais, confesións agochadas e soños a medio cumprir. Nese espazo compartido os nervios mestúranse coa esperanza e as feridas do pasado reábrense, a música convértese nun xeito de resistir, lembrar e vivir.

Memoria dun tempo é unha comedia musical cun pouso amargo, onde cada personaxe, -cantante, músico ou vedete- representa unha xeración de soñadores atrapados entre o glamour do espectáculo e a realidade dunha época gris. Unha homenaxe aos que, malia todo, seguiron cantando.

A finales de 1958 un grupo de artistas esperan en un viejo teatro a examinarse delante de un tribunal del Sindicato Nacional de Espectáculos y conseguir el carné que les permita trabajar bajo el vistazo vigilante del régimen. Mientras esperan entre trajes de volantes y melodías de coplas, se van entretejiendo historias personales, confesiones escondidas y sueños a medio cumplir. En ese espacio compartido los nervios se mezclan con la esperanza y las heridas del pasado se reabren, la música se convierte en una manera de resistir, recordar y vivir.

Memoria dun tempo es una comedia musical con un poso amargo, donde cada personaje, -cantante, músico o vedete- representa una generación de soñadores atrapados entre el glamour del espectáculo y la realidad de una época gris. Un homenaje a los que, a pesar de todo, siguieron cantando.

XOV
17/07
23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público
Todos os públicos

Xénero
Teatro

Língua
Galego

Duración
80 min.

Acceso
Con entrada



GRANDÍSSIMA ILLUSIONE

cris blanco / cataluña - madrid

Dirección: Cris Blanco. **Interpretación:** Cris Blanco e Óscar Bueno. **Acompañamento artístico:** Anto Rodríguez, Óscar Bueno. **Dramaturxia:** Cris Blanco, Rocío Bello, Anto Rodríguez, Óscar Bueno. **Consello teatral:** Roberto Fratini. **Deseño de luces/ Coordinación técnica:** Montse Piñeiro y Cristina Bolivar. **Deseño de son:** Carlos Parra. **Vídeo directo:** Andrea Balaguer. **Axudante de vestuario:** Oriol Corral. **Fotografía e gravación:** Mila Ercoli. **Produción:** Ariadna Miquel. **Asistente de produción:** Andrea Balaguer. **Coprodución** do Grec 2022 Festival de Barcelona, Cris Blanco e Conde Duque Madrid. **Apoios:** El Graner, Teatre CCCB, Proxecto premiado coa Beca Premis de Barcelona 2020 e a Becas de Recerca e investigació del OSIC 2022. **Grazas a** Elena Font Indi-gest, Elena Carmona, Noemi Laviana, Amaranta Velarde, Cris Celada, Javi Cruz, Andrea Balaguer, Nacho Garbe, RTVE, Sara Tibau/ Els Joglars, Miguel Rojo/Los Bárbaros, Cesc Casadesus, Hèctor Mora, Noel Yebra, Óscar González e Ángeles Blanco.

SINOPSE

Ola, son Cris Blanco, é 12 de marzo de 2022 e escribo este texto desde a casa da miña nai, onde crecín, vendo pola xanela o cole Público Bravo Murillo no que pasei 8 anos. Na tele din que onte fixo 2 anos que se declarou a pandemia. Así que hai 2 anos que empecei a pensar nunha obra moi grande, *Grandissima Illusione* chamábase, cun corpo de baile, un coro en directo... era unha obra de gran formato, con grandes escenografías recicladas de grandes producións do Teatre Nacional de Catalunya. Ben, aínda non sei se me deixarán as escenografías... Na miña cabeza está a obra coa Marquesa do S. XVI, a Juglara, o Astrólogo cubano, o Técnico Maquinista, As Extras, o Coro Grego, o Experto teatral, o Texto... pasaba o da eclipse, o das viaxes temporais e a zona escurridiza... E todo para contar a historia de amor intertemporal e a loita de clases! Que vos estaba dicindo? Espera, canto tempo levo escribindo este texto? Segues aí? Oxalá que si e estas a piques de ver *Grandissima Illusione*.

Hola, soy Cris Blanco, es 12 de marzo de 2022 y escribo este texto desde la casa de mi madre, donde crecí, viendo por la ventana el cole Público Bravo Murillo en el que pasé 8 años. En la tele dicen que ayer hizo 2 años que se declaró la pandemia. Así que hace 2 años que empecé a pensar en una obra muy grande, Grandissima Illusione se llamaba, con un cuerpo de baile, un coro en directo... era una obra de gran formato, con grandes escenografías recicladas de grandes producciones del Teatre Nacional de Catalunya. Bueno aún no sé si me dejarán las escenografías... En mi cabeza está la obra con la Marquesa del S. XVI, la Juglara, el Astrólogo cubano, el Técnico Maquinista, Las Extras, el Coro Griego, el Experto teatral, el Texto... pasaba lo del eclipse, lo de los viajes temporales y la zona escurridiza... ¡Y todo para contar la historia de amor intertemporal y la lucha de clases! ¿Qué os estaba diciendo? Espera, ¿cuánto tiempo llevo escribiendo este texto? ¿Sigues ahí? Ojalá que sí y estés a punto de ver Grandissima Illusione.

VEN
18/07
23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público
Todos os públicos

Xénero
Teatro

Lingua
Castelán

Duración
90 min.

Acceso
Con entrada



ESCAMBO

mari paula / cantabria - brasil

Estrea en Galicia

Dirección, concepto e coreografía: Mari Paula. **Coreografía e dirección de movemento:** Wody Santana. **Intérpretes:** Mari Paula e Ximena Carnevale. **Deseño de son:** Jo Mistinguett. **Fotos e vídeo:** Anjana Guerras. **Responsable técnico:** Carlos Molina. **Residencias artísticas:** Centro Danza Canal, Centro Cultural Eduardo Úrculo, Ebb Company. **Distribución:** Sit And See (Iñaki Díez e Raquel Jiménez). **Realización:** Mari Paula - Dance & Performance. **Financiamento:** Programa Profice - Paraná, Asociación Movimiento en Red, Programa Tan Cerca - Fundación Santander Creativa.

SINOPSE

Escambo é unha obra de danza cítrica e tropical. A obra manifesta a apertura dos sentidos como un rol substancial, convidando ao público a un xogo de aromas, cores, ritmos e movemento. Ao trasladar 50 laranxas á escena, a proposta amplía a noción da cotiandade e propón frescas percepcións estéticas e sensoriais. *Escambo* significa troco en portugués e estrutúrase como un taboleiro coreográfico que libera, a través do movemento, a cor no espazo. Un divertido xogo de ida e volta entre o sensorial, o arquitectónico, as intérpretes e o espectador.

O obradoiro BAILAR NA INFANCIA fusiona diversas disciplinas artísticas, como a danza contemporánea, a manipulación de obxectos, a improvisación e o teatro. Deseñado como un complemento á representación de *Escambo*, emprégase o material escénico como parte do material didáctico: 50 laranxas e outras froitas cítricas para implicar ás nenas e nenos no mundo do movemento, desde a exploración creativa e a conexión emocional.

Escambo es una obra de danza cítrica y tropical. La obra manifiesta la apertura de los sentidos como un rol sustancial, invitando al público a un juego de aromas, colores, ritmos y movimiento. Al trasladar 50 naranjas a la escena, la propuesta amplía la noción de la cotidianidad y propone frescas percepciones estéticas y sensoriales. Escambo significa trueque en portugués y se estructura como un tablero coreográfico que libera, a través del movimiento, el color en el espacio. Un divertido juego de ida y vuelta entre lo sensorial, lo arquitectónico, las intérpretes y el espectador.

El taller BAILAR EN LA INFANCIA fusiona diversas disciplinas artísticas, como la danza contemporánea, la manipulación de objetos, la improvisación y el teatro. Diseñado como un complemento a la representación de Escambo, se utiliza el material escénico como parte del material didáctico, 50 naranjas y otras frutas cítricas para involucrar a niñas y niños en el mundo del movimiento, desde la exploración creativa y la conexión emocional.

SAB
19/07

20.00h

San Cristovo
(Programa
Satélites da
MIT)

Público

Todos os públicos

Xénero

Danza
contemporánea

Lingua

Sen texto

Duración

20 min.

+ obradoiro ao
finalizar a función
(para nenas e
nenas de 4 a 11
anos)

Acceso

De balde



LA CULTURA

los torreznos / madrid

Creación: Los Torreznos. **Artistas en escena:** Rafael Lamata e Jaime Vallauré.

Los Torreznos son unha ferramenta de comunicación sobre o social, o político e os costumes máis arraigados. Traballan desde a realidade máis directa, incluída a familiar, traducindo á linguaxe contemporánea temas que forman parte da cotiandade máis absoluta.

SINOPSE

La cultura é o territorio polo que nos movemos. Trátase do intento de construción dunha especie de conferencia acerca da cultura, sendo ela mesma o reflexo dalgunhas posicións principais respecto diso.

La cultura es el territorio por el que nos movemos. Se trata del intento de construcción de una especie de conferencia acerca de la cultura, siendo ella misma el reflejo de algunas posiciones principales al respecto.

SAB
19/07

21.00h

**Igrexa da
Madalena**

Público
Todos os públicos

Xénero
Performance

Lingua
Castelán

Duración
60 min.
(duración variable)

Acceso
Con entrada





HOSPITAL DE CAMPO

societat doctor alonso

/ cataluña

Estrea en Galicia

Dramaturxia e dirección: Sofía Asencio e Tomàs Aragay. **Investigador e comisario:** Miguel Ángel Martínez. **Acompañamento artístico:** Chico Simões (Cia. Mamulengo Presepada). **Creación e interpretación:** Héctor Arnau, Julia Barbany, Beatriz Lobo, Víctor Colmenero e Sofía Asencio. **Creación monicreques-objectos manipulados e dirección de arte:** Lluc Baños e Linda Vitolo. **Creación espazo escénico e lumínico:** Víctor Colmenero. **Técnica de luces:** Celina Chavat. **Diseño de vestuario:** Jorge Dutor. **Diseño de son:** Pol Clusella. **Desarrollo Internacional:** Alessandra Simeoni. **Producción executiva:** Imma Bové. **Coa coproducción de:** Sala La Mutant, El canal, Centro de creación de Artes Escénicas de Salt-Girona, IF Barcelona, Casa Encendida. **Co apoio de:** ICEC, Instituto Catalán de las Empresas Culturales, IBERESCENA e INAEM, Instituto Nacional de las Artes Escénicas.

SINOPSE

Cinco corpos pacientes, celadores, médicos, especialistas, enfermeiros, recipientes, mortos, actores e monicreques. Nunha non sala de espera, nun non despacho de médico, nun non quirófano dun non hospital de campaña.

Este hospital non é un hospital calquera, no que se practica a medicina moderna. Aquí a enfermidade é unha sorte de "don". Aquilo que che permite iniciar o camiño da curación. Todos estamos enfermos, e non imos deixar de estalo despois de visitar *Hospital de campo*. A doenza que arrastramos é aquilo que nos convida a prestar atención ao modo en que o desdoblamento do mundo fíxose carne en nós.

Cinco cuerpos pacientes, celadores, médicos, especialistas, enfermeros, recipientes, muertos, actores y títeres. En una no sala de espera, en un no despacho de médico, en un no quirófano de un no hospital de campaña.

Este hospital no es un hospital cualquiera, en el que se practica la medicina moderna. Aquí la enfermedad es una suerte de "don". Aquello que te permite iniciar el camino de la curación. Todos estamos enfermos, y no vamos a dejar de estarlo después de visitar Hospital de campo. La dolencia que arrastramos es aquello que nos invita a prestar atención al modo en que el desdoblamiento del mundo se ha hecho carne en nosotras.



SAB
19/07

23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público
Maiores de
12 anos

Xénero
Teatro

Lingua
Castelán

Duración
70 min.

Acceso
Con entrada



BIPEDESTRUCCIÓN

disiden.cia / galicia

Estrea en Galicia

Dirección: Disiden.Cia. **Interpretación:** Martín Los Arcos e Marcia Vázquez. **Asesoramento en texto:** Ánxela Blanco, Alfredo Rodríguez. **Deseño sonoro:** Alexis Beaufoy. **Deseño de vestuario:** Laura Merchán. **Deseño de iluminación / operación de control en directo:** Eder Echaide. **Técnica de iluminación e son / coordinación técnica:** Daniel Marín. **Fotografía e vídeo:** Iker Oiz / Laura Merchán. **Fotografías progama:** Candela Balboa, Laura Merchán **Apoios:** Goberno de Navarra, Fundación Baluarte, AC/E, MASDANZA. **Colaboracións:** A Casa Vella, Espacio CRAC, Centro Huarte, Desfoga, Ayuntamiento de Etxarri Aranzatz, Ayuntamiento de Ansoáin.

- Mención de honra na Feira Ibérica de Teatro de Fundão 2025.

SINOPSE

Bipestrución é unha danza para calquera ser. Unha reivindicación monstruosa, alienígena, absurda e desenfadada dos corpos. Apoiarnos entre nós para transitar as dúbidas. Permitirse, hoxe, ser calquera. Un espectáculo para tódalas idades na pregunta sen resposta sobre a identidade.


Dous seres abúrrense de andar sobre os seus dous pés. Coma se chegasen doutro universo, xogan a buscar cal é a súa verdadeira forma de moverse pola Terra. A única maneira de seguir camiñando neste planeta será apoiándonos, máis aló dos dous pés, sobre as amizades, construíndo comunidade.

Un espectáculo familiar de danza contemporánea con conciencia LGTBIAQ+. Un continuo xogo con beliscos de humor en procura do quen son? que quero ser?.

Bipestrución es una danza para cualquier ser. Una reivindicación monstruosa, alienígena, absurda y desenfadada de los cuerpos. Apoyarnos entre nosotres para transitar las dudas. Permitirse, hoy, ser cualquiera. Un espectáculo para todas las edades en la pregunta sin respuesta sobre la identidad.

Dos seres se aburren de andar sobre sus dos pies. Como si llegaran de otro universo, juegan a buscar cuál es su verdadera forma de moverse por la Tierra. La única manera de seguir caminando en este planeta será apoyándonos, más allá de los dos pies, sobre las amistades, construyendo comunidad.

Un espectáculo familiar de danza contemporánea con conciencia LGTBIAQ+. Un continuo juego con pellizcos de humor en búsqueda del ¿quién soy? ¿qué quiero ser?.



DOM
20/07
20.00h

Auditorio
"Manuel María"
da Casa da
Cultura

Público
Todos os públicos,
recomendado
maiores de 5 anos

Xénero
Danza
contemporánea

Lingua
Galego, castelán
e éuskaro

Duración
54 min.
(+ conversa
posterior)

Acceso
Con entrada



NON PASARÁN

ártika cía / galicia

Elenco: Marcos Alonso, Rocío Salgado, Fernanda Barrio e Martín Maez. **Dirección:** Tito Asorey. **Asistencia de dirección:** Anxo Fernández. **Dramaturxia:** Vanesa Sotelo e Tito Asorey. **Deseño escenográfico e vestuario:** Carlos Alonso. **Deseño de iluminación:** Laura Iturralde. **Deseño de espazo sonoro:** Xavi Bértolo. **Voz en off:** Melania Cruz. **Produción:** Anxo Fernández. **Deseño gráfico:** Patricia Portela (The Office Comunicación). **Fotografía:** Vanessa Rábade (The Office Comunicación). **Contidos:** Lucía Martínez (The Office Comunicación). **Videos promocionais:** Jairo Iglesias.

Unha produción de Ártika Cía, co apoio da Xunta de Galicia e da MIT Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

SINOPSE

Non Pasarán desenvólvese nun país / lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: "Non pasarán", un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade. Con todo, Cándido e a súa filla Ana acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá. Incapaces de defender os seus propios principios, os personaxes vense atrapados nunha espiral de renuncias e comportamentos que os levará á destrución, converténdose finalmente en cómplices incendiarios do seu propio fogar.

Non Pasarán se desarrolla en un país / lugar sacudido por una ola de incendios provocados por una organización desconocida. El lema de la ciudadanía es claro: "No pasarán", un llamado a no permitir la entrada de extraños en los hogares, que podrían poner en peligro su integridad y a la comunidad. Con todo, Cándido y su hija Ana acogen a una misteriosa pareja en su casa, lo que desencadena una serie de sucesos que transforman su vida cotidiana. Incapaces de defender sus propios principios, los personajes se ven atrapados en una espiral de renuncias y comportamientos que los llevarán a la destrucción, convirtiéndose finalmente en cómplices incendiarios de su propio hogar.



DOM
20/07
23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público
Maiores de
16 anos

Xénero
Comedia

Lingua
Galego

Duración
90 min.

Acceso
Con entrada



CASTELAO, UN CORAZÓN Á INTEMPERIE

fantoques baj / galicia

Dramaturxia: Inacio Vilariño a partires das entrevistas de Emilio Araújo a Daniel Varela Buxán en *O filósofo do arado* e dos textos de Castelao, *Panchito*, *Sabela*, *O inglés*, *A Marquesiña*, *Un ollo de vidro* e *Os vellos non deben de namorarse*. **Director e escenógrafo:** Inacio Vilariño. **Actor:** Inacio Vilariño. **Música:** tradicional. **Vestuario:** Olga Vieites. **Fotografía:** Manuel G Vicente.

SINOPSE

Após a morte de Castelao o 7 de xaneiro de 1950, nun tempo no que en Galicia non era posible chorar a súa perda, o dramaturgo e director de escena Daniel Varela Buxán decide render, nun acto privado diante da súa veciñanza, a súa particular homenaxe ao rianxeiro.

Varela Buxán fora o encargado de dirixir *Os vellos non deben de namorarse* na súa estrea absoluta en 1941 en Bos Aires e, a partires de aí, mantivo unha fonda amizade con Castelao. Por iso, para homenaxealo, Varela Buxán colocárase nun pequeno escenario onde trazará brevemente a peripecia vital de Castelao deténdose naqueles momentos literarios e artísticos que considera máis significativos. Entre outros, representará con marionetas parte da súa obra: contos de *Cousas* (*Panchito* e a *Marquesiña*); narracións de *Retrincos* (*Sabela* e *O inglés*), escenas de *Os vellos non deben namorarse* e o o monólogo do esqueleto en *Un ollo de vidro*.

Después de la muerte de Castelao el 7 de enero de 1950, en un tiempo en el que en Galicia no era posible llorar su pérdida, el dramaturgo y director de escena Daniel Varela Buxán decide rendir, en un acto privado delante de su vecindario, su particular homenaje al rianxeiro.

Varela Buxán había sido el encargado de dirigir Os vellos non deben de namorarse en su estreno absoluto en 1941 en Buenos Aires y, a partir de ahí, mantuvo una honda amistad con Castelao. Por eso, para homenajearlo, Varela Buxán se colocará en un pequeño escenario donde trazará brevemente la peripecia vital de Castelao deteniéndose en aquellos momentos literarios y artísticos que considera más significativos. Entre otros, representará con marionetas parte de su obra: cuentos de Cousas (Panchito e a Marquesiña); narraciones de Retazos (Sabela e O inglés), escenas de Os vellos non deben de namorarse y el el monólogo del esqueleto en Un ollo de vidro.

LUN
21/07

20.00h

A Franqueirán
(Programa
Satélites da
MIT)

Público
Maiores de
6 anos

Xénero
Narración oral e
monicreques

Lingua
Galego

Duración
50 min.

Acceso
De balde



LAS MAGIAS (site specific)

teresa lorenzo / canarias

Estrea en Galicia

Dirección e creación: Teresa Lorenzo. **Interpretación:** Teresa Lorenzo. **Acompañamento (primeira fase):** Javier Cuevas. **Música orixinal:** Manolo Rodríguez. **Deseño Iluminación:** Grace Morales Suso. **Escenografía:** José Soriano Gallastegui. **Vestuario e estilo:** Amuahici Luis. **Fotografía:** Javier Pino. **Producción:** Producciones Arteide SL. **Apoios e coproducción:** Cabildo de Tenerife, Laboratorio de Artes Vivas y Ciudadanía, La Caldera, Madre Monte, Espacio La Granja, Auditorio Adán Martín, A Casa Vella Amiadoso, EIMA Creació Mallorca, Teatro Victoria, Centro Coreográfico de la Gomera.

SINOPSE

Las Magias é unha creación contemporánea que evoca a mística, a natureza, as poéticas do microscópico e do galáctico, as potencias expresivas dun corpo nado adestrado e entendido para aprehender o mundo desde a dimensión máis profunda da danza, sen renunciar á experiencia elevada da obra de arte. Desas pezas grandes e misteriosas que transforman a quen fai e a quen mira.

A obra cuestiónase de onde brota a acción dun corpo que é o vínculo de todas as naturezas, e así abre unha reflexión sobre a linguaxe: como asumir artisticamente esa incógnita existencial?, como asumila como ser humano?

É un microcosmos que se asume como ritual de contemplación e asombro, como parte ínfima pero chea de esperanza, dun macrocosmos eterno.

Las Magias es una creación contemporánea que evoca la mística, la naturaleza, las poéticas de lo microscópico y de lo galáctico, las potencias expresivas de un cuerpo nacido entrenado y entendido para aprehender el mundo desde la dimensión más profunda de la danza, sin renunciar a la experiencia elevada de la obra de arte. De esas piezas grandes y misteriosas que transforman a quien hace y a quien mira.

La obra se cuestiona de dónde brota la acción de un cuerpo que es el vínculo de todas las naturezas, y así abre una reflexión sobre el lenguaje: ¿cómo asumir artisticamente esa incógnita existencial?, ¿cómo asumirla como ser humano?

Es un microcosmos que se asume como ritual de contemplación y asombro, como parte ínfima pero llena de esperanza, de un macrocosmos eterno.



LUN
21/07
21.00h

A Veronza

Público
Todos os públicos

Xénero
Danza
contemporánea

Língua
Sen texto

Duración
40 min.

Acceso
De balde



SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE

furia sotelo / galicia

Dirección e creación: Ana Vallés. **Intérprete:** Nuria Sotelo. **Coreografía, textos e espazo escénico:** Ana Vallés e Nuria Sotelo. **Asistente de coreografía:** Alejandra Balboa. **Deseño de iluminación:** Laura Iturralde. **Espazo sonoro:** Ana Vallés. **Producción musical:** Mounqup. **Fotografía e vídeo:** Rubén Vilanova. **Deseño gráfico:** A&B comunicación. **Produce:** Furia Sotelo. **Coproduce:** A Casa Vella. **Colaboran:** L'Animal a l'esquena, AC/E, Residencias Paraíso, Colectivo RPM.

SINOPSE

Un só sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse. Un espectáculo de danza-teatro interpretado por Nuria Sotelo baixo a dirección de Ana Vallés, que nos convida a compartir a viaxe a través do espazo interior e exterior dunha muller onde o movemento, o texto, o espazo sonoro, o corpo e os obxectos conxúganse para facernos partícipes da construción dun lugar, un lugar para quedarse, construción de camiños que non hai que seguir incondicionalmente, da beleza do calar, do que permanece oculto.

Sobre o extravío ou a arte de perderse bríndanos a oportunidade de abandonar a ollada periférica e dispersa á que estamos tan afeitos hoxe en día, para centrarnos en descubrir a sorpresa continua agochada no noso interior, nos obxectos e as accións cotiás, sumerxíndonos nun tempo suspendido e evocador no que algo pode aparecer: unha sorpresa, unha pregunta, unha resposta quizais...

Un solo sobre la importancia del lugar, sobre lo que no se ve pero está, sobre el olvido necesario y el arte de perder. O de perderse. Un espectáculo de danza-teatro que nos invita a compartir el viaje a través del espacio interior y exterior de una mujer donde el movimiento, el texto, el espacio sonoro, el cuerpo y los objetos se combinan para hacernos partícipes de la construcción de un lugar, un lugar para quedarse, construcción de caminos que no hay que seguir incondicionalmente, de la belleza del silencio, de lo que permanece oculto.

Sobre el extravío o el arte de perderse nos brinda la oportunidad de abandonar la mirada periférica y dispersa a la que estamos tan acostumbrados hoy en día, para centrarnos en descubrir la sorpresa continua escondida en nuestro interior, en los objetos y las acciones cotidianas, sumergiéndonos en un tiempo suspendido y evocador en el que algo puede aparecer: una sorpresa, una pregunta, una respuesta quizás...

LUN
21/07

23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público

Todos os públicos

Xénero

Danza - teatro

Lingua

Galego

Duración

50 min.

Acceso

Con entrada



ANFIBIA

la guajira / galicia

Creación, interpretación e dirección: Ana Beatriz Pérez – Betty. **Espazo sonoro e música:** Ismael Berdei. **Vestuario:** La Guajira. **Acompañamento na dirección:** Ana Vallés. **Acompañamento coreográfico:** Rut Balbís. **Fotografía e vídeo:** Raquel Castro. **Producción e distribución:** La Guajira.

SINOPSE

Para adaptarse hai que ter valor, crear unha pel distinta, unha pel que respire, que che axude a fluir, a transitar. Adaptarse non é domesticarse, é a práctica de reencontrarse co teu propio ser e alén do cambio e da muda, sentirse identificada contigo mesma. Cumprir co maior dos propósitos: seguir vivindo.

Para adaptarse hay que tener valor, crear una piel distinta, una piel que respire, que te ayude a fluir, a transitar. Adaptarse no es domesticarse, es la práctica de reencontrarse con tu propio ser y más allá del cambio y de la muda, sentirse identificada contigo misma. Cumplir con el mayor de los propósitos: seguir viviendo.

MAR
22/07

20.00h

Club Artístico

Público
Maiores de
12 anos

Xénero
Danza
contemporánea

Lingua
Castelán

Duración
25 min.
(+ conversa
posterior)

Acceso
De balde





SEN PATRÓN

pistacatro / galicia

Produción: Pistacatro Productora de Soños S.L. **Idea orixinal:** Pablo Reboleiro. **Dirección:** Pablo Reboleiro. **Elenco:** Aitor Garuz, Santiago Montero, Pablo Reboleiro. **Coreografías de malabares:** Pablo Reboleiro. **Dirección de movemento escénico:** Marta Alonso. **Axudantía de dirección:** Marcos González Carballido 'Ptt'. **Música:** Manuel Fonte. **Produción:** Belém Brandido e José Expósito. **Deseño gráfico:** Juan Gallego. **Vídeo:** Tamboura Films.

SINOPSE

No mundo dos malabares, todo segue un patrón, unha orde, un ciclo perfecto que garante que as bólas non caian, que as mazas tracen o seu camiño no aire e que os diábolos xiren sen fin. Pero que pasa cando tres malabaristas queren levar a batuta ao mesmo tempo? En *Sen Patrón*, non hai quen mande, só mans que compiten e obxectos que voan por riba das súas cabezas nun aparente caos divertido e fascinante. Tres cómicos que viven e se moven como os malabares que controlan, facendo patróns, ciclos que se repiten ata complicarse sen sentido. Entre xogos de poder, equilibrios imposibles e moito humor, descubrirán que a verdadeira maxia non está en quen manda, senón en aprender a xogar xuntos.

En el mundo de los malabares, todo sigue un patrón, un orden, un ciclo perfecto que garantiza que las bolas no caigan, que las mazas tracen su camino en el aire y que los diábolos giren sin fin. ¿Pero qué pasa cuando tres malabaristas quieren llevar la batuta al mismo tiempo? En Sen Patrón, no hay quien mande, solo manos que compiten y objetos que vuelan por encima de sus cabezas en un aparente caos divertido y fascinante. Tres cómicos que viven y se mueven como los malabares que controlan, haciendo patrones, ciclos que se repiten hasta complicarse sin sentido. Entre juegos de poder, equilibrios imposibles y mucho humor, descubrirán que la verdadera magia no está en quien manda, sino en aprender a jugar juntos.



MAR
22/07
21.00h

Francelos
(Programa
Satélites da
MIT)

Público
Todos os públicos

Xénero
Circo

Lingua
Galego

Duración
50 min.

Acceso
De balde



OVVIO

kolektiv lapso cirk / castela e león - cataluña

Artistas: Tomas Vaclavek e David Diez Méndez. **Producción:** Kolektiv Lapso Cirk. **Ollada exterior e dirección:** Francesco Sgrò, Morgan Cosquer, Jorge Albuerne. **Musica orixinal:** Gabriele Mitelli & Nicola Di Croce. **Composición luces:** Flavio Cortese. **Coa colaboración de:** Cirko Vertigo, Cirqueon, Festival Mirabilia, Gruppo Jobel, Hangar Creatività, Jatka78, Kolektiv Lapso Cirk, La Central del Cirk, La Central del Cirk, La Corte Ospitale, Maciva, Piemonte dal Vivo, Plum Yard, Teatro Circo Price, Teatro Nucleo.

- Premio del TAC al Mejor espectáculo de circo del festival, 2021
- Premio Zirkolika al Mejor espectáculo de circo de sala, 2019
- Premio Umore Azoka al Mejor espectáculo/compañía emergente, 2018

SINOPSE

Onde se atopa o límite extremo do equilibrio? Este instante perfecto onde as leis da gravidade parecen vencidas, excedidas, desaparecidas.

Onde se atopa o límite das nosas capacidades?

Ás veces alcanzámolo, ás veces non. Ás veces excedémolo, ás veces non. Ás veces cáese e ás veces non. Gústannos ambos, OVVIO!

OVVIO é un encontro entre dúas personalidades opostas, que levan dentro a mesma necesidade de risco, a abafadora urxencia de descubrir ata onde poden chegar antes de que a física e a casualidade os derroten. Onde está o instante de perfección antes da caída?

O "xogo" é a súa forma o buscar este límite, a confianza o cordón necesario que os une e empúxaos a seguir.

OVVIO é un desafío.

¿Dónde se encuentra el límite extremo del equilibrio? Este instante perfecto donde las leyes de la gravedad parecen vencidas, sobrepasadas, desaparecidas.

¿Dónde se encuentra el límite de nuestras capacidades?

A veces lo alcanzamos, a veces no. A veces lo sobrepasamos, a veces no. A veces se cae y a veces no. Nos gustan ambos, OVVIO!

OVVIO es un encuentro entre dos personalidades opuestas, que llevan dentro la misma necesidad de riesgo, la abrumadora urgencia de descubrir hasta dónde pueden llegar antes de que la física y la casualidad los derroten. ¿Dónde está el instante de perfección antes de la caída?

El "juego" es su forma de buscar este límite, la confianza el cordón necesario que los une y los empuja a seguir.

OVVIO es un desafío.



MAR
22/07
23.00h

Auditorio
"Rubén García"
do Castelo

Público
Todos os públicos

Xénero
Circo

Lingua
Sen texto

Duración
50 min.

Acceso
Con entrada



OS PASSADORES

patrícia portela / portugal

Mostra aberta da residencia artística na MIT, en colaboración co CDG Centro Dramático Galego.

Dirección: Patrícia Portela. **Intérpretes:** Participantes do laboratorio.

SINOPSE

No marco da súa residencia artística durante a MIT, a directora e autora portuguesa Patrícia Portela convida persoas de todas as idades e procedencias a participar nun obradoiro creativo centrado na construción de narrativas sonoras e performativas. Este curso forma parte do proceso de creación de **Os Passadores**, un proxecto artístico transfronteirizo entre o norte de Portugal e Galicia que culminará nun espectáculo de rúa con características radiofónicas. O proxecto parte de historias reais de contrabando, exilio e emigración que tiveron lugar entre a Guerra Civil española e a Revolución dos Cravos en Portugal. A través destas historias, Portela propón reflexionar sobre a idea de fronteira, identidade e liberdade, conectando pasado e presente.

En el marco de su residencia artística durante la MIT, la directora y autora portuguesa Patrícia Portela invita personas de todas las edades y orígenes a participar en un taller creativo centrado en la construcción de narrativas sonoras y performativas. Este curso forma parte del proceso de creación de Los Passadores, un proyecto artístico transfronterizo entre el norte de Portugal y Galicia que culminará en un espectáculo de calle con características radiofónicas. El proyecto parte de historias reales de contrabando, exilio y emigración que tuvieron lugar entre la Guerra Civil española y la Revolución de los Clavos en Portugal. A través de estas historias, Portela propone reflexionar sobre la idea de frontera, identidad y libertad, conectando pasado y presente.

MÉR
23/07
20.00h

Sampaio
(Programa
Satélites da
MIT)

Público
Todos os públicos

Xénero
Teatro

Lingua
Portugués
e galego

Duración
(Por determinar)

Acceso
De balde



PAN, NUBES E CHOCOLATE

a volátil / galicia - andalucía

Mostra aberta da estadía na MIT do Colectivo A Volátil formado por Álex Sobrino, Rosa Romero e Irene Moreira.

Dirección: Irene Moreira. **Intérpretes:** Participantes do curso de teatro comunitario, Rosa Romero e Álex Sobrino.

SINOPSE

Primeiro proxecto escénico do colectivo A Volátil que se presenta por primeira vez na MIT de Ribadavia 2025.

Esta mostra aberta ao público é a presentación escénica do curso-laboratorio de teatro comunitario desenvolvido nestes días de estadía na MIT. Un laboratorio único, creado por e para a xente de Ribadavia, onde as voces da vila se xuntan para compartir o que somos a través do que fomos. Unha proposta que vai ao encontro de historias que falen de encerros, de persoas apartadas, de tapias, de muros... e que nos axude a repensar o futuro traendo da memoria eses feitos ao presente.

Unha proposta nacida dun proceso de escoita e creación, onde persoas moi distintas poñen corpo e palabra ás súas vivencias e ás doutras que resoan na memoria común. Risas, silencios, feridas e celebracións entréganse ao público como un espello onde recoñecemos. Non é só teatro. É comunidade en escena. É unha celebración do cotiá. É unha chamada a lembrar que todas temos algo que contar, porque sabemos quen somos a través das demais.

Primer proyecto escénico del colectivo A Volátil que se presenta por primera vez en la MIT de Ribadavia 2025.

Esta muestra abierta al público es la presentación escénica del curso-laboratorio de teatro comunitario desarrollado en estos días de estadía en la MIT. Un laboratorio único, creado por y para la gente de Ribadavia, donde las voces de la villa se juntan para compartir lo que somos a través del que fuimos. Una propuesta que va al encuentro de historias que hablen de encierros, de personas apartadas, de tapias, de muros... y que nos ayude a repensar el futuro trayendo de la memoria esos hechos al presente.

